



Rogos e preguntas do Pleno de xaneiro de 2020

Rogos formulados por Dona María Elena Estévez Freire.

1. Roga ao sr. Alcalde que responde ás preguntas que se lle formulan. Neste senso, sinala que , en moitas ocasións, as preguntas canalizan cuestións concretas formuladas pola veciñanza e quedan sen responder.
2. Roga a substitución da bandeira galega que hai no concello, por unha nova. Insta a ser respectuoso cos nosos símbolos.
3. Roga que os técnicos ou brigada de obras verifique e, no seu caso, adopte as medidas de seguridade necesarias, ante o estado dunha árbore no colexio A Torre na parroquia de Cela, que está coas raíces “no aire”, para evitar futuros danos por un posible perigo.
4. Roga que se arranxen uns danos na praia de Agrelo, na baixada na que se atopa O Rincón de Cela, no que hai unha varanda tirada, dous bancos de pedra rotos, e un contedor queimado.

Preguntas formuladas por Dona María Elena Estévez Freire.

1. **Cal é o destino das árbores de nadal?**
Antes do Nadal xa se lle comentara ás persoas responsables dos centros educativos sobre o interese de realizar plantacións dos mesmos a posteriori das festas. As restantes iranse repartindo entre a veciñanza que o solicite
2. **Cal é o estado no que se atopa o viario de acceso á praia de Portomaior? Coñece o goberno local a situación do viario? Os técnicos do concello fixeron algún informe? Que previsión ten o goberno para arranxar estes danos?**
Está programado, salvo imponderables, que a empresa concesionaria do servizo de abastecemento de augas comece coa reparación este martes, debido a que se trata dunha das súas obrigas contractuais. Con todo, hai uns días procedeuse á sinalización do lugar convenientemente. En relación coa barandilla que está sen colocar na baixada de Agrelo, infórmolle que esta fora instalada o verán pasado despois dun período de tempo no que estivera retirada, descoñecendo antes da súa pregunta da situación da mesma. En todo caso, cando sexa posible, formará parte dos traballos das brigadas municipais
3. **Fíxose algún requirimento ao propietario da casa con nº 115 – 117 (Massó) sobre a fachada? Solicitáronlle medidas de mantemento e conservación ao propietario? Se non se fixo, vai facer algo o concello? Supón un perigo importante.**

Tense realizado un requirimento á propiedade xa hai anos en relación co estado da cuberta dun dos inmobles, situación que posteriormente se resolveu, se ben é certo que máis recentemente, desde hai varios meses se vén detectando un deterioro nas condicións do inmovible, sen que me conste que se teña enviado un novo requirimento. En todo caso, e co fin de axilizar este asunto, desde a alcaldía, con posterioridade á súa pregunta, dirixínome telefonicamente á propiedade para trasladarlles a situación e, en todo caso, de non ser atendida a petición, actuarase como corresponda.

4. A canto ascenden os gastos da carpa instalada, na zona portuaria, para as festas do pasado nadal? Foron subvencionados pola Deputación provincial? Quen asumiu o custo? Con cargo a que partida orzamentaria?

O Concello de Bueu a través da concellería de Cultura levou a cabo a contratación da instalación, montaxe e desmontaxe dunha carpa de 15 m x 40 m entre os días 17 de decembro e 6 de xaneiro para as celebracións de Nadal, iluminada con focos led e con contrapesos de formigón. A empresa encargada foi Carpas Pontevedra S.L. que pasou un orzamento de 5.082 €, tras non poder ofrecer o servizo as outras dúas empresas ás que se lle solicitou orzamento Nordstand e Grupo Norte. A carpa contou coas seguintes actividades no seu interior: levouse a cabo os mercadiños a cuberto os días 19,23,26 e 30 de decembro e o 2 de xaneiro. Ademais levouse a cabo no mesmo as seguintes actividades dentro da programación de Nadal: 28 de decembro chocolatada da Asociación Moteiros do Morrazo; 31 de decembro festa infantil de fin de ano a prol das Anpas e verbena de fin de ano co grupo Distrito 7; 4 de xaneiro concerto do grupo Galifunk Brass. A partida da que se executa o gasto é a destinada a promoción cultural-actividades culturais do orzamento prorrogado de 2019. A Deputación non conta con subvencións destinadas a este tipo de cuestións agás as que poidan depender do Plan Concellos 2020 dos que aínda non se fixeron as solicitudes para este ano en curso.

5. Con respecto ás resolucións para o abono das cantidades correspondentes á subvencións nominativas pregunta, á vista das datas das resolucións de alcaldía de finais do ano 2019, das razóns polas que a axuda da que é beneficiaria a Asociación Troula na Banda, se autoriza, reconece e ordénase o pago en resolucións ditadas nunha semana e a axuda correspondente a outros beneficiarios, coma a de Asociación protectora de Animais do Morrazo tarda varios meses en recoñecer os dereitos e obrigas e ordenar o seu pago dende a sinatura do convenio.

A diferenza en canto aos prazos de tramitación deriva do seguinte: no caso da Asociación Cultural Troula na Banda, existe unha subvención nominativa consignada nos orzamentos, aínda que tardaron varios meses en achegar a documentación. En todo caso, era importante que a subvención se aprobase antes do ano porque senón ese crédito orzamentario desaparecería. No outro caso, o correspondente á Asociación Protectora de Animais do Morrazo, non podendo establecerse unha subvención nominativa nos Orzamentos Xerais e non existindo crédito orzamentario suficiente para o seu recoñecemento e aboamento, foi necesario aprobar o orzamento do ano 2019 para cumprir coas obrigas.

- 6. Con respecto a cicloxénese do 14.12.19 que causou inundacións no centro de Bueu, que instrucións se deron pola alcaldía nas datas previas para a limpeza necesaria? Que retén de garda se estableceu? Que medidas se adoptaron? Hai queixas de veciños que tiveron que levantar persoalmente e sen axuda tapas do sumidoiro.**

Dende hai máis de dez anos existe un protocolo de actuación, polo que a empresa concesionaria do servizo de abastecemento de augas, FCC Aqualia, diante de previsións de episodios de chuvia moi intensos, debe implementar unha serie de medidas que consisten, fundamentalmente, no levantamento de tapas dunha serie de sumidoiros dun treito comprendido entre a canle do río Bispo a carón do CPR Virxe Milagrosa e a intersección de Pazos Fontenla con Alexandre Bóveda. Este protocolo non foi cumprido o 14.12.2019, o que deu lugar a que, ao fía seguinte, por parte da alcaldía, se lle solicitasen as explicacións pertinentes ao xefe do servizo de FCC Aqualia. En todo caso, por parte dos operarios municipais e do alcalde, realizouse un seguemento dos niveis do río ao longo de todo o día, certificando por parte da alcaldía ás 19.30 horas de que os niveis do caudal do río non era moi elevados e o sistema de rexillas de limpeza do mesmo estaba comprobado por parte do capataz municipal en varias ocasións e de forma previa ese mesmo día.

Rogos formulados por Dona María del Carmén Núñez Rey

1. Roga que se arranxe o bordo da beirarrúa da Rúa Tomás Bolívar, xa que os coches se ven afectados ao acceder ás fincas.

Preguntas formuladas por Dona María del Carmén Núñez Rey

- 1. Como van as xestións do acceso do campo de fútbol para evitar que os nenos, cando baixan do bus, se mollen cando chove desde a parada ata o campo de fútbol?**

A Alcaldía está explorando as posibilidades, a través do contacto con varios propietarios da zona, a fin de conseguir unha solución a este problema.